



Xoán Ramón Alvite. Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

Preguntas leiteiras

Resulta paradoxal que canto máis se cre coñecer a realidade dun asunto, máis dúbidas se expoñen sobre o mesmo. Se me permiten que llelo diga, a min pásame continuamente co lácteo. Tras máis de corenta anos rodeado de vacas e de case vinte escribindo sobre elas, cada vez cústame máis entender moito do que está a pasar.

Por exemplo, quen no seu san xuízo pode comprender que nun país deficitario como España –producimos sete millóns de toneladas de leite e consumimos máis de dez– os gandeiros sexan dos peor pagados de Europa? Pois aquí pasa e ninguén se rasga as vestiduras nin, o que é peor, fai nada porque a situación cambie. Segundo os datos do Cetal, o noso país está cinco céntimos por baixo da media europea, que sitúa o prezo do litro de leite en orixe en 37,7 céntimos.

Nesta mesma liña, é razoable e comprensible que Galicia –produce a metade do leite nacional– leve unha década cos prezos máis baixos de todo o Estado? E o que é peor, non cren que resulta algo insultante imputar estas diferenzas nas cotizacións, unicamente, á distancia aos centros de consumo ou ao tamaño das granxas? Un gandeiro galego cobra polo seu leite céntimo e medio menos que outro de León ou tres menos que un asturiano.

Fai tres anos que desapareceron as cotas e case dez que se anunciou a súa data de caducidade. Que fixo a industria láctea nacional para adaptarse á nova realidade? É lóxico criminalizar o gandeiro cando foi o único que fixo os seus deberes? Que fixo a distribución máis que deixar de vender a perdas –é ilegal– por mellorar a sustentabilidade do sector lácteo como asinaron hai

case tres anos? Dá a sensación de que, ás veces, a Administración se esquece do pasado e se sitúa sempre ao lado dos poderosos.

E aínda que sexa tirar pedras contra o meu tellado, tamén lles recoñezo que moitas das miñas dúbidas as xeraran os propios gandeiros. Ten sentido aumentar continuamente a produción sabendo que en breve o exceso de leite no mercado volverá ser un problema?

Non será máis efectivo traballar en abaratar custos ou en diversificar que en producir máis? Que máis ten que pasar para que o sector se una e afronte de forma conxunta os seus problemas e os seus retos futuros? Ocorreseme que igual un dos principais problemas dos gandeiros son eles mesmos.

Saben o peor? Canto máis tento resolver estes enigmas máis preguntas me xorden. Por que custa tanto poñer en marcha unha medida que, en teoría, suscita tanto consenso como a de identificar a orixe do leite nos supermercados? Por que os chaman contratos lácteos cando as condicións as pon só unha parte? Por que cada vez se bebe menos leite e máis cousas raras feitas con arroz ou aveá? O de inxectar os xurros vai en serio?

E así ducias e ducias, centos me atrevería a dicir. A pouco que pense en leite e en vacas xórdeme interrogantes. Seguro que moitos de vostedes teñen repostas para as miñas dúbidas. Mesmo estou convencido de que se lles ocorrerán argumentos variados e completamente diferentes para as miñas mesmas cuestións. Iso é bo, significa que vostedes teñen –boa ou mala, segundo o caso– conciencia crítica e, o que é máis importante, gústalles estar ben informados. Por iso len esta revista. ■

► QUE MÁIS TEN QUE PASAR PARA QUE O SECTOR SE UNA E AFRONTE DE XEITO CONXUNTO OS SEUS PROBLEMAS E OS SEUS RETOS FUTUROS?